



GRUPO MUNICIPAL



MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, concelleira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno a seguinte PROPOSICIÓN, solicitando que o Concello **ELABORE UN PLAN DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS TANTO NO ÁMBITO PÚBLICO COMA NO PRIVADO.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro (que aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social), establece o **4 decembro de 2017** como prazo máximo para garantir as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación no _acceso e utilización dos bens e servizos de titularidade privada a disposición do público polas persoas con discapacidade, e mais no acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.

Enténdese por accesibilidade universal a condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, ademais dos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas da maneira mais autónoma e natural posible. (Debe terse en conta que no transcurso do ciclo vital a maioría das persoas poden verse afectadas por problemas de mobilidade e/ou comunicación, e por tanto a accesibilidade).

A discapacidade, a diversidade funcional ou a mobilidade reducida aféctalles a persoas que teñen limitada a posibilidade de desprazarse e intervir na súa contorna dun xeito seguro e con autonomía persoal, a causa de discapacidades físicas, sensoriais (visual ou auditiva) ou cognitivas.

En Pontevedra, a transformación das rúas do centro da cidade (non tanto a dos barrios da periferia ou do rural), ten pendente completar as actuacións que garantan o cumprimento do prazo de referencia. Presentan **eivas neste sentido** os establecementos de titularidade privada de uso público, como a hostalería, os comercios ou os locais de ocio (estimamos que preto do 70 por cento destes locais son inaccesibles ou presentan carencias), e mais os edificios de titularidade privada ou

comunidades de propietarios (onde se racha claramente coa cadea global de accesibilidade da cidade).

No Concello de Pontevedra, cunha poboación de 82.946 persoas, había en 2015 (último ano con datos) 3.489 homes e 4.074 mulleres con algún tipo de discapacidade, segundo o Censo de persoas con discapacidade da Xunta de Galicia. Faise precisa, por tanto, unha maior aposta pola accesibilidade universal, real e inclusiva, ante as barreiras de diverso tipo que aínda existen no termo municipal. Cómpre sinalar, ademais, que o turismo accesible é un valor en alza en toda Europa.


O mesmo RDL 1/2013 (no seu título III), prevé a **aplicación de sancións** que oscilarán entre os 301 euros e o millón de euros, segundo se trate de incumprimentos leves, graves ou moi graves.

Por todo isto, e para garantir o pleno dereito das persoas con discapacidade a gozar dunha vida digna e o máis autónoma posible, en vivendas e servizos adaptados, Marea Pontevedra presenta a seguinte

PROPOSICIÓN

1. Elaborar un **Plan de supresión de barreiras**, consensuado e participado por todos os actores implicados (colectivos de persoas con discapacidade, equipos técnicos e administracións).
2. Ese Plan implicaría:
 - a. Facer un **estudo técnico** de accesibilidade real, determinando a situación actual dos servizos e edificacións neste Concello.
 - b. Establecer **axudas**, subvencións, exencións ou reducións de taxas ou impostos a aquelas empresas e comunidades de propietarios que favorezan a accesibilidade.
 - c. Promover a **concienciación** social e o fomento e promoción da accesibilidade entre os comerciantes, hostaleiros e propietarios.

Pontevedra, 3 de outubro de 2017



MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ.

Concelleira do GM de Marea Pontevedra